



FASE DE RESERVA DE PRAZAS EN CENTROS DE ADSCRICIÓN

Á atención das nais, pais ou titores legais do alumnado de sexto curso de educación primaria

De acordo co establecido na Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C), comunícolles o seguinte:

1. O CEIP Raquel Camacho está adscrito ao **IES Agra I**.
2. O noso alumnado ten prioridade para matricularse neste Instituto por diante daquel alumnado que proceda doutros centros de primaria non adscritos. Isto **NON** quere dicir que **obteñan praza**. Deben consultar as listaxes de admitidos que se publicarán a través da aplicación "Admision-alumnado" (<https://www.edu.xunta.gal/admision-alumnado/>) empregando a chave 365 ou certificado dixital, no IES AGRA I e no taboleiro de anuncios deste centro o día **22 de febreiro**.
3. As familias que desexen matricular aos seus fillos/as no **IES Agra I** deberán entregar ao seu titor-a, entre o **16 de xaneiro e o 6 de febreiro**, o modelo de solicitude debidamente cuberto que se xunta a este escrito (formulario normalizado ED550A, publicado no anexo I da orde do 21 de



outubro de 2022) xunto con copia do libro de familia ou documento equivalente onde figuren o/a alumno/a e as persoas proxenitoras (DNI, partida de nacemento...). Tamén poden presentarse por vía electrónica mediante o formulario normalizado dispoñible na aplicación *admisionalumnado* <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/portada>. O anexo II-bis unha vez cuberto deberán imprimilo, asinalo e axuntalo coa solicitude (anexo II).

4. O alumnado de sexto curso deste Centro que, de acordo co dito anteriormente, non faga no prazo establecido a reserva de praza para o citado instituto, ou resulte **NON** admitido, deberá participar no proceso xeral de admisión como se fose alumnado novo, debendo presentar cumprimentado no IES da súa preferencia, do 1 ao 20 de marzo, o documento que se publica como anexo II da citada Orde do 21 de outubro, modelo de impreso que se pode retirar na conserxería deste Centro ou descargar na páxina web do mesmo (a partir de marzo).
5. A reserva no IES Agra I adquirirá carácter vinculante e será **incompatible** coa presentación dunha solicitude de admisión noutro centro, salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro de adscrición antes do 28 de febreiro (este incluído).
6. O alumnado **ADMITIDO** deberá formalizar a matrícula no IES entre o **23 de xuño e o 7 de xullo**.

A Coruña, 11 de xaneiro de 2023
A DIRECTORA

Rosa M^a Mosteiro Neira